

## **RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2006**

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno, presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez e da que desculpan a súa asistencia os Sres. Dopico Calvo, Faíña Medin e Navarrina Martínez, de acordo coa orde do día na que só se contén un único punto, que é o seguinte:

### **Proposta de programas oficiais de posgrao da Universidade da Coruña para o curso académico 2007/2008**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención indicando que esta sesión do Consello de Goberno se convocou de forma extraordinaria, como xa se anunciara anteriormente, coa finalidade de aprobar, se proceder, a proposta de relación de programas oficiais de posgrao da Universidade da Coruña para o curso académico 2007/2008, que logo, no caso de ser informada positivamente polo Consello Social da Universidade da Coruña, se remitirá á Xunta de Galicia para que proceda, cumpridos todos os trámites que se requiren, a aprobar a implantación dos programas oficiais en cuestión.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea para que informe acerca dos pasos seguidos para a elaboración da proposta que foi enviada en tempo e forma aos membros deste Consello de Goberno. O Sr. Vicerreitor intervén sinalando que, coa finalidade de presentar dentro do prazo establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a oferta de Programas Oficiais de Posgrao (POP) da Universidade da Coruña na convocatoria correspondente ao ano 2006, a Universidade estableceu un calendario interno de traballo, en virtude do que os centros que, segundo o regulamento dos estudos oficiais de posgrao, desexasen concorrer a esta convocatoria deberían presentar as súas propostas até o día 15 de outubro de 2006, seguindo a guía e o protocolo desenvolto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. A 16 de outubro recibíronse na Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea (ACSUG) as propostas que deberían ser avaliadas e posteriormente aprobadas polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

Sempre segundo o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, estas propostas foron enviadas á Unidade Técnica de Calidade (UTC), en que foron obxecto de revisión seguindo o *check list* elaborado pola ACSUG, inspirado no proceso de acreditación que, previsiblemente, se seguirá na citada axencia, comunicando o resultado aos centros proponentes para emendar as deficiencias detectadas. O día 31 de setembro reuniuse a Comisión encargada de informar sobre estas propostas segundo o regulamento dos estudos oficiais de posgrao. Nesta reunión establecéronse cinco grupos de traballo responsables de avaliar e informar sobre as diferentes propostas recibidas. Estes grupos estiveron compostos por un vicerreitor, un representante da Comisión de Planos de Estudo, outro da Comisión de Doutoramento e un membro da UTC. O xoves

9 de novembro, estes grupos presentaron as súas conclusións ao pleno da Comisión para a súa remisión ao Consello de Goberno. Nelas sinálanse as recomendacións para que os proponentes emenden algunhas insuficiencias detectadas, mais sobre a base de que, de non se modificaren as consideradas críticas, serían presentadas ao Consello de Goberno con informe negativo.

Con data 14 de novembro recibíronse as correccións dos centros, sendo valoradas pola UTC e polo persoal da Vicerreitoría nos termos sinalados pola Comisión. O resultado achégase no documento que se xunta. As propostas definitivas son polo tanto as seguintes:

1. Posgrao en saúde, discapacidade, dependencia e sociedade  
Mestrado en intervención psicolóxica na discapacidade e na dependencia (UDC)  
Doutor (UDC)
2. Posgrao en enxeñaría marítima  
Mestrado en enxeñaría marítima (UDC)  
Doutor (UDC)
3. Posgrao en fotónica e aplicacións do láser  
Mestrado en fotónica e tecnoloxías do láser (INTERUNIVERSITARIO)  
Doutor (INTERUNIVERSITARIO)
4. Posgrao en ciencias da saúde  
Mestrado en asistencia e investigación sanitaria (UDC)  
Doutor (UDC)
5. Posgrao en xerontoloxía  
Doutor (UDC)
6. Posgrao en economía e empresa  
Mestrado en xestión e políticas públicas (UDC)
7. Posgrao en urbanismo: planos e proxectos. Do territorio á cidade  
Doutor (UDC)
8. Posgrao en rehabilitación arquitectónica  
Mestrado en rehabilitación arquitectónica (UDC)
9. Posgrao en lingua e usos profesionais  
Mestrado en lingua e usos profesionais (español/galego/inglés) (UDC)
10. Posgrao en estatística e investigación operativa  
Mestrado en técnicas estatísticas (INTERUNIVERSITARIO)  
Doutor (INTERUNIVERSITARIO)
11. Posgrao en intervención logopédica  
Mestrado en intervención logopédica na infancia e na adolescencia (UDC)
12. Posgrao en enxeñaría industrial  
Mestrado en enxeñaría industrial (UDC)
13. Posgrao en química ambiental e fundamental  
Doutor (UDC)
14. Posgrao en dereito  
Mestrado en asesoramento xurídico-empresarial (UDC)
15. Posgrao en xestión e dirección laboral

- Mestrado en xestión e dirección laboral (INTERUNIVERSITARIO)
16. Posgrao en ciencia e tecnoloxía ambiental  
Mestrado en ciencia e tecnoloxía ambiental (UDC)
17. Posgrao en tecnoloxías da información e comunicacións en sistemas de telecomunicación  
Mestrado en tecnoloxías da información e comunicación en redes móbiles (INTERUNIVERSITARIO)  
Doutor (INTERUNIVERSITARIO)

Deste xeito, afirma o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, preséntanse dous novos mestrados no ámbito de Ciencias da Saúde, catro no de Ciencias Sociais e Xurídicas, un no de Ciencias Experimentais, un no de Humanidades e seis no de Ensino Técnico. Consideradas estas propostas conxuntamente coas da pasada convocatoria, o ámbito de Ciencias da Saúde suma catro mestrados, que representan o 15'38% do total (en títulos de 1º e de 2º ciclo o seu peso relativo é do 9'8%). O ámbito de Ciencias Sociais e Xurídicas suma un total de sete mestrados, que representan o 26'92 % do total de mestrados oficiais (en títulos de 1º e de 2º ciclo o seu peso relativo é do 39'21%). O ámbito de Ciencias Experimentais suma un total de catro Mestrados, representando o 15'38% do total de mestrados oficiais (en títulos de 1º e de 2º ciclo o seu peso relativo é do 3'92%). O ámbito de Humanidades suma un único mestrado oficial que representa o 3'84% do total (en títulos de 1º e de 2º ciclo o seu peso relativo é do 11'76%). E finalmente o ámbito do Ensino Técnico suma un total de 10 mestrados, que representan o 38'46% do total de mestrados oficiais (en títulos de 1º e de 2º ciclo o seu peso relativo é do 35'29%).

Finalizada a súa intervención, ábrese unha quenda de intervencións en que participan a Sra. López Fernández e os Srs. Cao Abad, Rodríguez Gayán, Casabella López, Armesto Barbeito, Graña López e Fernández Cervantes.

A citada proposta de programas oficiais de posgrao da Universidade da Coruña para o curso académico 2007/2008, na convocatoria correspondente ao ano 2006, é aprobada por asentimento dos membros do Consello de Goberno

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.00 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e prace do Sr. Presidente.